

ACTA

En Arzúa, a 19 de xullo de 2016.

Sendo as 11.45 horas, na Aula número 4 sita no primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, reúnen os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de Educador familiar, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de trinta e sete horas e media semanais, durante un tempo que comprenderá ata o remate do programa para cuxa execución foi necesario realizar este proceso de selección, cuxo período de tempo rematará o día 31 de decembro do presente ano, sen prexuízo de que se poida prorrogar o nomeamento mentres dure o programa, dentro dos límites establecidos legalmente; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

Asistente a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D^a. María Teresa Gómez Cea (*Educadora familiar do Concello de Boimorto*).
- Vogais:
 - D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (*Traballadora social do concello de Toques*).
 - D^a. Ana Suárez Varela (*Mestra do Colexio de Educación infantil e Primaria de A Igrexa-Calo do concello de Teo*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do segundo exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en realizar un suposto práctico, determinado pola Comisión Seleccionadora, directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal, pola presidenta e polas dúas vogais, elaborouse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio- o seguinte suposto práctico:

“Unha nai acude a consulta da Traballadora Social do Concello de Arzúa expoñendo unha situación de conflito e convivencia familiar, alegando que o seu marido infrinxe malos tratos cara ella e os seus fillos. Ela o escusa argumentando que é boa persoa pero que a súa conduta agresiva se produce cando bebe en exceso. Os seus fillos adolescentes (un neno de 14 anos e unha nena de 13 están escolarizados no IES de Arzúa). O equipo de orientación do centro adoita chamala con frecuencia debido ó escaso rendemento que presentan os seus fillos no ámbito académico dende o comenzo do curso, con mostras de cansazo e unha conduta de evitación de relación cos seus iguais. Algún dos compañeiros de clase do neno mófanse desa conduta de evitación con certa regularidade.

A nai manifesta á Traballadora social que teñen serias dificultades para chegar ao final de

mes xa que viven nun piso de aluguer e os únicos ingresos da unidade familiar proceden do traballo que realiza o pai como peón agrícola nunha granxa próxima á localidade.

Non teñen apoios doutros familiares.

Tendo en conta que eres educador familiar do Concello de Arzúa, elabora un proxecto de intervención para esta familia.”

Dito suposto práctico quedou transcrito nun folio, do que se fixeron tantas fotocopias como aspirantes podían concurrir a realizar o exercicio.

Despois procedeuse a chamar aos aspirantes, polo mesmo orde que o da súa presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, os cales foron entrando na Aula, pasando a ocupar cada un dos asientos dispoñibles que había nas mesas colocadas para realizar o exercicio.

Comprobándose que non compareceron os aspirantes: Ana Isable Curros Mato, Adrian Nieto Lareo e María Angeles Castro Castro.

Polo que aos restantes vinteito aspirantes que si compareceran se lles foi entregando o correspondente folio que contiña o suposto práctico, máis dous folios en branco para poder desenvolvelo, sen prexuízo de que o aspirante que o necesitase poidese solicitar máis folios en branco.

Faise constar que, con anterioridade á entrega do folio que contiña o suposto práctico, polo secretario da Comisión Seleccionadora informouse aos vinteito aspirantes:

- Que o exercicio se cualificará de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

- Que as Bases que rixen a oposición conteñen a previsión de que *“Rematado o tempo de duración do exame o Tribunal poderá determinar a lectura do exercicio se o considera conveniente, quedando capacitado para realizar as preguntas que considere tanto en relación coa exposición do caso práctico como en relación ao temario da convocatoria especificado no Anexo I. A lectura do exercicio, no seu caso, non poderá ser superior a 20 minutos para cada un dos aspirantes”*, e a Comisión Seleccionadora decidiu -por unanimidade dos tres membros con dereito a voto- que a lectura dos exercicios polos aspirantes, e consecuentemente a realización de preguntas en relación coa exposición do caso práctico, só se vai levar a cabo si o considera necesario para aqueles casos en que houbera algunha dúbida na corrección dos exercicios, en cuxo caso se convocará ao aspirante ou aspirantes en concreto, coa antelación suficiente, para que comparezan a tal fin no Salón de Comisións da Casa do Concello. E iso, por canto que esta previsión, tal como esta configurada nas Bases, non é de carácter obrigatorio.

-Que o tempo máximo para realizar o suposto práctico, sería de 60 minutos, desde as 10,17 horas ata as 11,17 horas.

Unha vez cumprido o prazo dos sesenta minutos, a presidenta pediu aos tres aspirantes que quedaban por entregar o exercicio, que o deixasen na mesa central existente na Aula.

Como resultado da corrección dos supostos prácticos realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos tres membros integrantes con dereito a voto-, outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Proba práctica
Eva Pérez Curros	8
Laura Sanmiguel Veloso	6
María González Barco	8
Beatriz Tato Cereijo	8
Lucia Guerra Requeijo	7

Isabel Tojo Curros	5
Tania Losada Figueroa	4
Sandra Vázquez Noal	4
Miriam Rivadulla Penas	5
Noemi Bazarra Abollo	5
Iria Rodríguez Calvo	7
M. ^a Montserrat Lata Blanco	5
Laura Carregal Salgueiro	6
Andrea Ferrari Rodríguez	5
Rebeca Vázquez Bendaña	5
Cristina Piñeiro Rial	5
Catia Mouriño Durán	5
Raquel González Borrajo	6
Luz Conde Rodríguez	7
Ivan Martínez Fuentes	11,50
Beatriz Pérez Bar	10
Xosé Igrexas García	10
Manuel Mariño Barreiro	13
Lorena Castro Gerpe	10
Beatriz Guerra García	12
Alexandra da Conceição Cruz Ferreira	10
María Rial Fernández	15
Yolanda López Garabatos	10

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos tres membros con dereito a voto da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos vinteito aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, da fase de oposición.

Segundo: Facer saber aos dezanove aspirantes que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro: Facer saber aos nove restantes aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente; estarían exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecementos do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2'5 puntos cada un deles, por vir así previsto para tales casos na Base Décima das que rixen o proceso de selección.

Cuarto: Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións acadadas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no

exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos nove aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

Nº	NOME E APELIDOS	Ex. Teórico	Ex. Práctico	Galego	TOTAL
1	Iván Martínez Fuentes	20	11'50	2'5	34
2	Beatriz Pérez Bar	16'75	10	2'5	29'25
3	Xosé Igrexas García	15'75	10	2'5	28'25
4	Manuel Mariño Barreiro	23'25	13	2'5	38'75
5	Lorena Castro Gerpe	15'75	10	2'5	28'25
6	Beatriz Guerra García	19	12	2'5	33'50
7	Alexandrina da Conçeição Cruz Ferreira	21'25	10	2'5	33'75
8	María Rial Fernández	15'25	15	2'5	32'75
9	Yolanda Pérez Garabatos	21'25	10	2'5	33'75

Quinto: Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionario interino, para desenvolver o posto de traballo de Educador familiar, a favor do aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser Manuel Mariño Barreiro; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 2ª das que rexen o proceso de selección.

Sexto: Concretar que, para o suposto de que o aspirante proposto como Educador familiar, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base Duodécima- os requisitos necesarios para realizar su nomeamento, ou renunciase a se nomeado funcionario interino; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor do seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Sétimo: Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rexen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás 16:40 do indicado día; extendéndose a presente acta, para ser suscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.